PLAN DIXITAL

IES ISIDRO PARGA PONDAL

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

- **Introdución**
  - Datos básicos do centro
  - Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
  - Breve xustificación do mesmo
  - Proceso de elaboración

- **Situación de partida**
  - Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
  - Fontes empregadas para a análise DAFO
  - Análise DAFO

- **Plan de Acción**
  - Obxectivos, indicadores e accións
  - Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Avaliación do PD**
  - Seguimento do Plan de Acción
  - Propostas de mellora (revisión)

- **Difusión do PD**

1. Introdución

1.1 Datos básicos do centro

O I.E.S. Isidro Parga Pondal está ubicado en Carballo, na rúa Muíño da Pintura, 4. É un centro que leva en funcionamento dende o ano 1993 e oferta diferentes niveis educativos. A súa oferta inclúe:

- ESO
- Bacharelato
- Ciclo Formativo de Grado Superior
- ESA
- Bacharelato de adultos
- EBI
- Aula Mentor
-

Para poder comunicarse co centro existe a posibilidade de facelo por diferentes medios (correo electrónico, teléfono, facebook, ...). As diferentes canles de comunicacións son:

- Teléfono: 881 88 03 71
- Correo electrónico: ies.parga.pondal@edu.xunta.gal
- Páxina web: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesisidropargapondal/
- Facebook: https://es-es.facebook.com/IesIsidroPargaPondal
- Aula Mentor: carballo@aulamentor.es

O claustro conta con 67 integrantes e este curso 2021/22 hai matriculados no centro 672 alumnos, repartidos do seguinte xeito:

- ESO: 422
- Bacharelato (incluíndo adultos): 159
- Ciclo Formativo: 43
- ESA: 44
- EBI: 4

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Cunha superficie de 187 km², Carballo é un dos municipios de maior tamaño da provincia da Coruña, ademais dun dos máis poboados. Os seus 31.000 habitantes agrúpanse en 314 entidades de poboación e 18 parroquias. O 60% dos habitantes do concello concéntranse no seu núcleo urbano, a carón do río Anllóns.

Moitos son os motivos que propiciaron o desenvolvemento económico do municipio. Sen dúbida, a situación xeográfica de Carballo foi un deles, xunto ás súas fértiles terras e uns habitantes laboriosos e emprendedores. Estes últimos xeraron a actual situación de progreso e modernidade que se aprecia hoxe en día en todos os sectores da economía do concello.

Carballo é na actualidade unha cidade con todo tipo de servizos e empresas. Estas dinamizaron nos últimos tempos sectores tan variados como o plástico, o automobilismo, o metal ou a maquinaria agrícola. Unha gran parte do sector empresarial carballés aséntase no polígono industrial de Bértoa, claro referente do crecemento económico do municipio e que proximamente ampliará a súa superficie en 1.272.489 metros cadrados.

Se hai un sector que destaca especialmente no concello é o seu forte e competitivo comercio, que atrae compradores de toda a comarca. Todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes ten lugar a feira, na que é posible adquirir todo tipo de produtos agrícolas.

O municipio de Carballo conta cunha renda por habitante superior aos 10.000 euros, semellante a outras vilas de Galicia, de semellante poboación. O índice de actividade económica sitúase na media de Galicia, destacando a gran cantidade de vehículos, tanto turismos como camións. Isto é reflexo de que o municipio ten dende hai moitos anos, unha gran tradición comercial orientada sobre todo ao pequeno comercio e incluso á venda ambulante en feiras e mercados. A zona de influencia tanto económica como comercial é A Coruña xunto coa súa área metropolitana. As actividades económicas máis salientables son o pequeno comercio tradicional, o emprego no sector servizos e sobre todo na construción e no sector inmobiliario. A agricultura e gandaría foron perdendo peso ao longo dos anos, o que provocou o éxodo rural ás grandes cidades españolas e sobre todo europeas. Para o emprego feminino destaca a influencia da ubicación da factoría conserveira Calvo no municipio.

Todo es dinamismo económico que se vive na contorna propiciou tamén un auxe nas infraestruturas de comunicación do concello, sobre todo no núcleo urbano. Así Carballo, polo menos no núcleo urbano, ten unha cobertura de fibra de practicamente o 100%, así coma no polígono industrial. Esa ampla cobertura non se extende, polo de agora, ás zonas rurais máis aloxadas do centro, punto no que se incidirá máis adiante.

O sector educativo non foi alleo o auxe das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) nas últimas décadas. Este auxe debería facilitar a forma na que a aprendizaxe se levaba a cabo non só nas nas aulas, se non tamén fóra delas e na relación entre docentes, familias e a administración educativa. En xeral as TIC convertéronse nunha ferramenta vertebradora dentro da comunidade educativa e tanto o alumnado coma as familias e o profesorado deberían ter acceso a esas melloras.

O presente Plan Dixital presenta unha estratexia para impulsar o desenvolvemento das competencias dixitais da comunidade educativa. Para iso presenta varias fases,

algunhas das cales se levaron a cabo no presente curso académico (análise e diagnose da situación dixital do centro e elaboración dun Plan de Acción) e outras continuarán nos vindeiros cursos (seguimento da evolución do Plan Dixital e actualizacións do mesmo).

Se ben o I.E.S. Isidro Parga Pondal sempre tivo presente as TIC no ámbito educativo (entrou na rede de centros Abalar xa o ano de inicio dese plan e a presencia dun Ciclo formativo da familia de Informática e Comunicacións favorece o mantemento e soporte dos equipamentos existentes), a entrada nesta nova etapa comeza con certas carencias que o desenvolvemento deste Plan Dixital tenta detectar e corrixir dentro do posible. Para iso, entre outras medidas que se indicarán máis adiante, tentarase orientar ao profesorado na inclusión de recursos TIC nas súas programacións e organizar sesións de formación para mellorar as súas competencias.

Tal e como se indica no Proxecto Educativo de Centro, no seu apartado 3.3, o centro tentará:

- *Crear as canles de comunicación dixitais entre o centro e a comunidade: Abalar Móbil, redes sociais, mensaxería instantánea, etc. co obxectivo de achegar eficientemente a actualidade do centro os membros e acadar a retroalimentación necesaria para mellorar día a día.*
- *Proporcionar as condicións necesarias para incrementar curso tras curso as competencias do claustro en materia de novas tecnoloxías e a súa introdución nas aulas por medio do máis avanzado material TIC e os adecuados plans de formación do profesorado para o seu aproveitamento.*
- *A procura constante, ou creación, do mellor contido dixital para o seu uso nas aulas por parte dos docentes.*

De cara ao cumprimento dos puntos anteriores estableceranse uns obxectivos a cumprir e un plan de acción para acadar eses obxectivos, os cales se poderán ver máis adiante neste mesmo documento.

Así, entre algúns deses obxectivos, na Programación Xeral Anual de centro estáblécense xa unhas intencións no tocante, por exemplo, á dotación e funcionamento da Biblioteca (apartado 19) como eixe dinamizador do centro. Tamén se tentará potenciar o uso das TIC dentro da aula, aplicando unha serie de accións que se poden ver no mesmo documento (apartado 21).

1.3 Breve xustificación do mesmo

Pensar a día de hoxe que a aprendizaxe do alumnado está limitada ao espazo da aula do centro é unha simplificación que debemos evitar. Segundo o Art. 111 bis da LO 2/2006, de 3 de maio:

> *"Los entornos virtuales de aprendizaje que se empleen en los centros docentes sostenidos con fondos públicos facilitarán la aplicación de planes educativos específicos diseñados por los docentes para la consecución de objetivos concretos del*

currículo, y deberán contribuir a la extensión del concepto de aula en el tiempo y en el espacio."

Na mesma LOE, no Artigo 121 indica que

"El proyecto educativo incorporará un plan de mejora, que se revisará periódicamente, en el que, a partir del análisis de los diferentes procesos de evaluación del alumnado y del propio centro, se planteen las estrategias y actuaciones necesarias para mejorar los resultados educativos y los procedimientos de coordinación y de relación con las familias y el entorno."

Tamén na Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022, a súa disposición xeral terceira di que se terá en conta na planificación educativa do centro:

"A aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.
Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras."

Nesa mesma Resolución, a disposición adicional quinta, e na Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, na súa disposición xeral terceira, indícase que:

"Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten."

Exposto o de arriba, vese que o centro debe elaborar o Plan Dixital de centro durante o presente curso académico 2021/2022. Para a elaboración do mesmo, e tal e como indican as resolucións citadas antes, publicáronse as instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital, e seguindo as instrucións da Resolución do 3 de

setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, formouse o equipo de Dinamización do Plan Dixital, formado por un membro do equipo directivo, neste caso o vicedirector Juan Luís López Sánchez, e dous membros do claustro: Miguel Mourón Regueira, que actúa coma coordinador, e Francisco Jaureguizar Ortiz de Zárate.

Ese equipo de Dinamización encargouse de dirixir e organizar o proceso de autoavaliación coa ferramenta SELFIE e o test CDD, recollendo os datos dos mesmos e analizándoos para extraer información das fortalezas e debilidades do centro no tocante á implantación e uso das TIC. Ese análise plasmouse nun DAFO que permitiu despois elaborar unhas táboas de obxectivos a cumprir para *promover e garantir* o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Todos os pasos expostos arriba veranse reflectidos neste documento final do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O punto de partida do centro a nivel de equipamento dixital sería o seguinte:

INFRAESTRUCTURA:

- A cobertura WiFi do centro é escasa. Hai varias zonas nas que non existe e en outras é baixa ou intermitente. Solicitouse fai 2 anos unha mellora desa cobertura. En principio aceptouse esa mellora dende a administración, e enviouse un plano do centro coas zonas sen cobertura que nos solicitaron e a ubicación requerida dos novos puntos de acceso, pero non se volveron a ter novas do proceso.
- No tocante á electrónica de rede para as conexións cableadas cóntase con dous armarios de conexión, un na primeira planta e outro na segunda. O da segunda planta contén o servidor Abalar e o router de saída, e o da primeira contén basicamente conmutadores de rede para as conexións cableadas de aulas e depratamentos.
- Infraestructura de voz: O centro conta con teléfonos IP nas dependencias administrativas. As aulas e departamentos non dispoñen dese servizo.
- Infraestrutura de datos: Disponse de conexión de fibra óptica para o acceso a internet.

EQUIPAMENTO

<u>Aulas dixitalizadas:</u>

- Hai 8 aulas do antigo programa Abalar (correspondentes aos grupos de 1º e 2º de ESO do ano no que se montaron). Esas aulas non teñen soporte técnico e non foron actualizadas (de feito este ano hai 5 primeiros e 5 segundos e unha das aulas de cada grupo non contaría co equipamento Abalar).
- O equipamento Abalar para o alumnado non é utilizable dende hai varios anos. Todas as incidencias abertas sobre problemas con eses equipos dende fai varios anos foron ignoradas e os equipos abandonados, polo que non se usan ao ser inservibles.
- O portátil do profesor desas aulas segue a utilizarse pero revisado e xestionado polo departamento de informática do centro, que leva o mantemento dos mesmos.
- Nesas aulas Abalar e en todas as outras hai dispoñible proxector, e en moitas delas tamén un encerado dixital, pero non en todas.

Proxecto E-Dixgal: Non se participa

Equipos de xestión e administración: Cóntanse con Pcs para os membros do equipo directivo (un total de 5 equipos) así coma 2 equipos na zona de administración. Existe outro PC en conserxería para poder usalo coa fotocopiadora de ser necesario.

A biblioteca do centro conta con 4 equipos para que os alumnos poidan facer consultas nos mesmos, pero é un equipamento claramente insuficiente para o volume de alumnado do centro..

Equipos para uso nas salas de profesorado: Existen 4 PCs na sala de profesorado con conexión áfotocopiadora do centro (en conserxería) para poder facer consultas e imprimir documentos.

Departamentos: Os departamentos contan con PCs e conexión de rede, se ben xa son equipos antiguos, xa que os PCs máis modernos están a ser utilizados nas aulas.

Equipos ultraportátiles para aula móbil: No curso 2021/22 recibiuse unha dotación de ultraportátiles para ser utilizados no caso de que o alumnado os precise.

Aulas de informática: Existen 2 de uso común para o alumnado de secundaria, bacharelato e adultos. Entre as dúas contan con uns 40 postos. ai outras 2 pero están ocupadas en horario completo polo alumnado do Ciclo Formativo de informática

Dotacións para proxectos específicos: Non hai ningunha dotación específica para ningún proxecto.

SERVIZOS DIXITAIS:

- O profesorado do centro utiliza bastante as ferramentas corporativas, principalmente a Aula Virtual para traballo co alumnado e outros proxectos e o espazo Abalar para a comunicación coas familias e entre o profesorado. O uso de outras ferramentas corporativas (Agueiro, por exemplo) sería un dos puntos a potenciar nos próximos anos.

XESTIÓN DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DO CENTRO:

- A xestión e mantemento do equipamento informático das aulas e espazos comúns vai a cargo do departamento de informática, agás os talleres de tecnoloxía, que o xestionan os propios docentes do departamento e a aula de informática correspondente á Aula Mentor, que a xestiona o coordinador da mesma.

ENLACES A PROTOCOLOS DO CENTRO RELACIONDADOS COAS TIC:

- Os protocolos de xestión e mantemento das aulas e do equipamento informático pódense consultar no NOF do centro, dispoñible na páxina web do mesmo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas			
		ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,9	3,1	2,8	
	Profesorado	3,3	3,3	3,8	
	Alumnado	-	-	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,7	3,6	3,8	
	Profesorado	2,9	3,2	3,5	
	Alumnado	2,6	2,3	3,2	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,3	4,2	4,4	
	Profesorado	3,9	3,7	4,1	
	Alumnado	3,3	3,4	4,0	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4,1	4,3	
	Profesorado	3,5	3,4	4	
	Alumnado	-	-	-	
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9	3,9	3,9	
	Profesorado	4,0	3,9	4,5	
	Alumnado	3,6	3,7	4,5	
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4	3,1	3,5	
	Profesorado	3,3	3,3	4,1	
	Alumnado	3,0	2,9	3,7	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	2,9	2,7	
	Profesorado	3,0	3,1	3,8	
	Alumnado	2,5	2,4	3,8	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,7	4,0	3,8	
	Profesorado	3,7	3,8	4,0	
	Alumnado	3,1	3,1	3,9	

A continuación, inclúese a información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	44	54,5%
PROVISIONAL	4	8	50%
INTERINO	6	12	50%
SUBSTITUTO	2	7	28,6
OTROS	0	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	90,5	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
ESO	70,3	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	76,1	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
EBI	65,5	Integrador/a (B1)	79	Integrador/a (B1)
ESO Adu	78,5	Integrador/a (B1)	75,9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	16	44,4%
B1	13	36,1%
B2	5	13,9%
C1		
C2		
TOTAL	34	94,4%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Asistencia técnica no propio centro por parte do profesorado	- Falta de conectividade WIFI no IES - Mellorar a conectividade a internet - É preciso mellorar a dispoñibilidade de dispositivos para o alumnado
	PERSOAL DOCENTE		- Falta de tempo para desenvolver material dixital - Pouco interés para potenciar o uso das novas tecnoloxías na aula. - Baixa adopción das tecnoloxías por parte dos docentes.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	- O alumnado está disposto a colaborar a través das plataformas online - O alumnado de bacharelato ten mellor acceso a unha conexión de banda ancha	- O alumnado non considera que se use a tecnoloxía para crear contidos ou aprender - Pouco coñecemento das vantaxes do software libre. - Escaso debate sobre vantaxes/desvantaxes de usar tecnoloxía na aprendizaxe.
	FAMILIAS	- Bo acceso a dispositivos dixitais no fogar para o alumnado. - Boa comunicación co centro a través de Abalar Móbil.	- Baixa competencia dixital
	OFERTA	- Cóntase no IES con un CFGS da familia de Informática e Comunicacións dende hai varios anos.	- Falta de acceso a contidos dixitais ben organizados. -Poucos proxectos interdisciplinares que involucren o uso de tecnoloxías.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Uso de ferramentas corporativas centralizadas - Potencia o uso de software libre	- Falta fomentar as competencias dixitais do profesorado - Pouco uso das tecnoloxías dentro do centro - Falta dunha estratexia dixital e de colaboración con outros centros e organizacións.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	- Potenciar a comunicación co CFR para buscar melloras nas modalidades de formación.	- Dificultades para adquirir / solicitar equipamento informático - Falta de soporte técnico áxil para resolver as incidencias.
	LEXISLACIÓN	- O alumnado fai amplo uso da tecnoloxía fóra do centro, sobre todo para ocio. - O alumnado, cando está na casa, sabe usar o software sen axuda. - O alumnado, en xeral, non atopa problemas de conectividade na casa.	- Hai alumnado sen acceso a dispositivos fóra do centro. - Parte do alumnado recoñece que se distrae ao utilizar dispositivos dixitais para estudiar.
	CONTORNA	- Empresas na contorna que potencian o uso das novas tecnoloxías en diferentes ámbitos (robótica, ...).	- Zonas de cobertura a internet baixa ou inexistente.
	ANPA	- ANPA activa e comprometida coa formación das familias.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Unha vez analizados os datos obtidos nos apartados anteriores elabóranse unha serie de obxectivos para mellorar as competencias TIC de alumnado e profesorado e obter un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles. Ao ir avaliando a consecución dese obxectivos tamén se detectarán necesidades do centro para acadalos, o que axudará a mellorar eses recursos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos a acadar serían os seguintes:

- Facer partícipe ao profesorado do centro da estratexia dixital do mesmo
- Promover entre os docentes o uso de tecnoloxías dixitais para a avaliación dos progresos de ensinanza e aprendizaxe
- Proporcionar e publicitar o acceso a internet e os dispositivos necesarios ao alumnado para tarefas escolares
- Proporcionar ao alumnado a asistencia técnica para usar o equipamento do centro cando a precise
- Promover o intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais entre o profesorado
- Dotar de tempo e equipamento ao profesorado para crear os seus propios recursos dixitais
- Fomentar a utilización da Aula Virtual para as actividades do alumnado
- Fomentar o uso da Aula Virtual para a comunicación co profesorado
- Aprender a dar crédito ao traballo de outras persoas en internet e a utilizar os recursos da rede de acordo á súa licenza
- Ensinar ao alumnado a buscar información en diferentes fontes, comparar os resultados e obter datos das mesmas para os seus traballos

Cada un deses obxectivos terá un seguimento para ver si se alcanza o mesmo ou non. Nun apartado posterior deste mesmo documento indícanse, para cada un dos obxectivos, unhas accións recomendadas que permitan acadalo e os indicadores de logro dos mesmos para poder avaliar si se conseguiu.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

INFRAESTRUCTURA:

•Cobertura WiFi no centro. Gran parte do centro non ten cobertura WiFi, o que fai imposible que o alumnado poida utilizar na aula o seu propio equipamento aínda que o traia da casa (sobre todo teléfonos intelixentes e tabletas dixitais). A instalación dos puntos de acceso necesarios leva demorada xa 2 anos e non se teñen novas de cando

se vai a instalar.

•**EQUIPAMENTO**

- Necesidade de equipamento informático (PCs, tablets, portátiles, ...). En varios apartados o alumnado queixase da dificultade de realizar as tarefas que precisan do uso de equipamento informático no propio centro. O ter só 2 aulas de informática de uso común para un centro con máis de 20 grupos de alumnado só na quenda de mañá limita o acceso do alumnado a eses equipos, xa que esas aulas están gran parte do tempo ocupadas.
- A biblioteca conta con 4 equipos, pero non son equipos potentes e utilízanse sobre todo para tarefas de consulta. Ademais, as limitacións horarias impiden que a biblioteca estea aberta todas as horas, polo que, aínda que un alumno teña unha hora libre, é posible que non poida facer uso da biblioteca ao non estar aberta. Precisaríanse máis horas dispoñibles para tela aberta e poder dotala de maior equipamento.
-
- Renovación dos equipos existentes. É evidente que hai equipos informáticos que co paso dos anos perden a súa funcionalidade, ben por avarías ou por non ter potencia suficiente para os novos requirimentos de software. NUn centro que conta con un ciclo formativo de informática, unha Aula Mentor e ten máis de 600 alumnos, a dotación de equipamento recibida nos últimos anos é realmente escasa, non cubrindo as necesidades reais do centro.

Todo o anterior fai que tanto o alumnado coma o profesorado non se vexan motivados para utilizar as novas tecnoloxías na aula, xa que, se os resultados que se van a obter ao usar esas tecnoloxías son problemas e mal funcionamento, buscaranse outras alternativas para o traballo diario.

Un dos obxectivos principais deste Plan Dixital é potenciar o uso e aproveitamento das opoRtunidades que ofrece a tecnoloxía, pero hai que partir dunha base de funcionamento correcta para que ese uso sexa satisfactorio e anime tanto a alumnado coma a profesorado a ampliar o uso desas ferramentas. O mal funcionamento do antiguo proxecto Abalar e o abandono total por parte da administración dese equipamento e do seu soporte é un bo exemplo do que non se debe facer si queremos que nas aulas se potencien as novas tecnoloxías.

Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: A. Liderado (A2)			
OBXECTIVO 1: (1)	Facer partícipe ao profesorado do centro da estratexia dixital do mesmo	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesores do centro que participa de xeito activo na estratexia dixital do mesmo		
Valor de partida: (3)	O profesorado está informado da elaboración inicial do Plan Dixital		
Valor previsto e data: (4)	Máis de ⅓ do profesorado revisa e aporta ideas para mellorar a estratexia dixital do centro (todos os departamentos aportan ideas)	01/06/2023 (o aporte de ideas será continuo pero revisaranse nesa data)	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: O profesorado revisa a situación actual da estratexia dixital e aporta ideas de mellora para o mesmo (por exemplo a través dos xefes de departamento na CCP)	Xefaturas de departamento	01/06/2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO1.2: Revísanse as aportacións do profesorado remitidas polos diferentes departamentos e actualízase o Plan Dixital se é necesario	Equipo de dinamización do Plan Dixital	01/06/2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO1.3: Elabóranse os obxectivos en base as aportación do profesorado.	Equipo de dinamización do Plan Dixital	31/06/2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

Área/s de mellora: Área/s de mellora: B. Colaboración e redes (B1)			
OBXECTIVO 2: (1)	Promover entre os docentes o uso de tecnoloxías dixitais para a avaliación dos progresos de ensinanza e aprendizaxe	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo e Coordinador TIC	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de docentes que usan tecnoloxías dixitais para a avaliación das habilidades do alumnado e/ou para obter retroalimentación sobre o seu traballo		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE, sobre un 40% do profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para esa labor		
Valor previsto e data: (4)	Un mínimo do 90% do profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para esa labor	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Formar ao profesorado no uso e vantaxes das tecnoloxías dixitais para a avaliación dos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe	Coordinador TIC	01/03/2023	Curso de formación Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO2.2: Elaborar plantillas e recursos na Aula Virtual que faciliten esa avaliación	Coordinador TIC	01/03/2023	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO2.3: O profesorado avalía os progresos en materia das ensinanzas dixitais	Coordinador TIC	30/06/2023	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

Área/s de mellora: C Infraestructura (C3 e C8)			
OBXECTIVO 3: (1)	Proporcionar e publicitar o acceso a internet e os dispositivos necesarios ao alumnado para tarefas escolares	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de alumnado que ten acceso a internet no centro para as tarefas escolares		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE sobre un 25% do alumnado do non dispón de acceso a internet e/ou dispositivos dixitais para os seus estudos no centro		
Valor previsto e data: (4)	Tentar que o alumnado teña á súa disposición o equipamento necesario para tarefas escolares	20/12/2022	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**
AO3.1: Publicitar entre o alumnado a dispoñibilidade de equipamentos e conexión na biblioteca do centro para realizar as súas tarefas	Titor de cada grupo	15/09/2022			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO3.2: Adquirir equipamento para a biblioteca si os recursos da mesma non son suficientes	Equipo directivo Equipo de Biblioteca	20/12/2022			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO3.3: Habilitar gardas na aula de informática para que o alumnado con horas libres poida traballar na mesma (ou nos recreos)	Equipo directivo	08/09/2022	Dispoñibilidade horaria do profesorado para as gardas		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

Área/s de mellora: C Infraestructura (C5)			
OBXECTIVO 4: (1)	Proporcionar ao alumnado a asistencia técnica para usar o equipamento do centro cando a precise	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe do alumnado que coñece a existencia de asistencia técnica no centro por parte do profesorado de informática		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE un 23% do alumnado di non dispor de asistencia técnica no centro cando ten problemas coa tecnoloxía		
Valor previsto e data: (4)	O 100% do alumnado dispón de asistencia técnica	08/09/2022	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO4.1: Facer accesibles ao alumnado os partes de mantemento para o equipamento do centro	Equipo directivo Titores	08/09/2022	Partes de mantemento		Realizada Aprazada Pendente
AO4.2: Dispor de horas de mantemento para o profesorado que fai as labores de mantemento	Equipo directivo	08/09/2022	Dispoñibilidade horaria		Realizada Aprazada Pendente
AO4.3:Informar ao alumnado da disposición de partes de mantemento para asistencia técnica	Titor de cada grupo	08/09/2022			Realizada Aprazada Pendente

Área/s de mellora: D. Desenvolvemento profesional Continuo (D3)			
OBXECTIVO 5: (1)	Promover o intercambio de experiencias sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais entre o profesorado	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Procentaxe de profesorado que se sinte apoiado ao intercambiar as súas experiencias no uso das tecnoloxías dixitais		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE un 30% do profesorado pensa que o equipo directivo non os axuda a intercambiar experiencias co usa das tecnoloxías dixitais		
Valor previsto e data: (4)	O 80% do profesorado comparte as súas experiencias coas tecnoloxías dixitais	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO5.1: Realizar unha enquisa na que o profesorado aporte as súas experiencias sobre o uso das tecnoloxías dixitais	Equipo directivo	09/01/2023	Aula Virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Publicar e facer accesible ao profesorado as experiencias co uso das tecnoloxías dixitais	Equipo directivo	20/06/2023	Aula Virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E. Pedagoxía: Apoios e recursos (E2)			
OBXECTIVO 6: (1)	Dotar de tempo e equipamento ao profesorado para crear os seus propios recursos dixitais	**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesores que crean os seus propios recursos dixitais		
Valor de partida: (3)	Non se coñece exactamente o % de docentes que crean os seus propios contidos		
Valor previsto e data: (4)	O 60% do profesorado crea un mínimo de un contido por trimestre para o alumnado	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO6.1: As horas de garda que non requiran de obrigas docentes destinaranse á elaboración de contidos dixitais	Xefatura de estudos	08/09/2022	Claustro de profesores Ordenadores de centro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO6.2: Creación dun curso na AV para dispor de un foro de dúbidas e compartir ideas	Coordinador TIC	08/09/2022	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO6.3: Compartir ideas e creación dun foro de resolución d dúbidas	Coordinador TIC	20/06/2023	Aula Virtual Ordenadores de cetro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

"Área/s de mellora": E. Pedagoxía: Apoios e recursos (E3)			
OBXECTIVO 7 (1):	Fomentar a utilización da Aula Virtual para as actividades do alumnado	**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo directivo	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por docente e/ou procentaxe de profesorado que usa a Aula Virtual de xeito continuo		
Valor de partida (3)	Algúns docentes non teñen actividades na Aula Virtual (só publican contidos de apuntes) Segundo o SELFIE sobre un 15% do profesorado non usa a Aula Virtual		
Valor previsto e data (4)	Un mínimo de 6 actividades realizadas por docente O 90% do profesorado usa a Aula Virtual	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	**RESPONSABLES (6)**	**DATA PREVISTA FIN (7)**	**RECURSOS NECESARIOS (8)**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	**ESTADO (10)**	
AO7.1: Creación dos cursos na Aula Virtual e alta de profesorado e alumnado	Coordinador TIC	08/09/2022	Aula Virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Solicitude de formación no uso da Aula Virtual si é necesario	Coordinador PFPP	01/10/2022	Aula Virtual Ordenadores		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3 Revisar as actividades subidas polo profesorado na Aula Virtual.	Coordinador TIC	20/06/2023	Aula Virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais do alumnado (H8)			
OBXECTIVO 8: (1)	Fomentar o uso da Aula Virtual para a comunicación co profesorado	**Acadado**	
Responsable:	Profesorado do centro	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe do alumnado que usa a Aula Virtual para comunicarse co profesorado e/ou compañeiros de clase (mensaxería, foros, ...)		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE un 46% do alumnado di **non** saber usar ese tipo de comunicación		
Valor previsto e data: (4)	O 90% do alumnado coñece as posibilidades da Aula Virtual para comunicarse co profesorado ou plantexar dúbidas nos foros	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO8.1: Potenciar a comunicación co alumnado usando plataformas dixitais (mensaxería da Aula Virtual, Foros, …)	Coordinador TIC Titor de cada grupo	15/10/2022	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO8.2: Ensinar ao alumnado as diferentes ferramentas de comunicacińq que ofrece a Aula Virtual (mensaxería, foros, ...)	Coordinador TIC	15/10/2022	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO8.3: Analizar o uso do alumnado desas ferramentas (revisar cantos usaron algunha durante o curso)	Coordinador TIC	20/06/2023	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

Área/s de mellora: D. Desenvolvemento profesional Continuo (D3)			
OBXECTIVO 9: (1)	Aprender a dar crédito ao traballo de outras persoas en internet e a utilizar os recursos da rede de acordo á súa licenza	**Acadado**	
Responsable:	Profesorado	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe do alumnado que contrasta a información obtida de internet e a recoñecer o autor e respectar as licenzas dos traballos publicados		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE sobre un 35% do alumnado **non contrasta** a información nin indica as fontes das que obtivo a mesma		
Valor previsto e data: (4)	O 80% do alumnado **contrasta** a información e acredita as fontes da mesma respectando os dereitos de autor	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO9.1: Formar ao profesorado na busca de información e no uso e acreditación das diferentes licenzas	Coordinador TIC	20/12/2022	Aula Virtual Conexión a internet Equipamento informático		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO9.2: Ensinar a acreditar aos autores das obras (imaxes, vídeos, textos, …) que obtemos de internet, respectando sempre as licenzas desas obras	Coordinador TIC	30/01/2023	Conexión a internet Equipamento informático		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais (H4 e H6)			
OBXECTIVO 8: (1)	Ensinar ao alumnado a buscar información en diferentes fontes, comparar os resultados e obter datos das mesmas para os seus traballos	**Acadado**	
Responsable:	Profesorado	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe do alumnado que contrasta a información obtida de internet		
Valor de partida: (3)	Segundo o SELFIE sobre un 35% do alumnado **non contrasta** a información		
Valor previsto e data: (4)	O 90% do alumnado busca diferentes fontes de información, **contrasta** os resultados e acredita as fontes	20/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO10.1: Ensinar ao alumnado diferentes motores de busca, páxinas de recursos educativos e outras orixes de información fiables	Coordinador TIC	20/12/2022	Conexión a internet Equipamento informático		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO10.2: Ensinar a citar as fontes das que se obtén a información, obrigando a incluír nos traballos unha bibliografía cos enlaces ás fontes da mesma	Coordinador TIC	20/12/2022	Conexión a internet Equipamento informático		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**
AO10.3: Revisar os traballos entregados para ver si o alumnado acredita as fontes utlizadas e usa máis de unha para obter a información	Coordinador TIC	20/06/2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Este plan deberá ter un seguimento continuo durante todo o curso. Iso permitirá detectar as necesidades de equipamento, infraestruturas e formación necesarias para chegar a bo porto. Canto antes se detecten as necesidades e se cubran antes se poderán acadar os obxectivos.

A parte dese seguimento continuo, deberase facer unha posta en común do estado de cada obxectivo de xeito periódico, e un análise final da consecución deses obxectivos. Para iso proponse un calendario de seguimento para o Plan Dixital.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos consistirá en:

- Avaliacións procesuais, que se realizarán unha vez ao trimestre, nos meses de decembro, marzo e xuño. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora, tanto co tocante á necesidades de equipamento, de formación coma de modificacións do porpio Plan de Acción.
- Unha avaliación final, que se fará unha vez ao ano, durante o mes de xuño. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora

Unha vez analizados eses resultados finais estableceranse novos obxectivos para o curso seguinte e revisaranse as propostas de mellora feitas.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado este Plan Dixital farase chegar a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro. Tamén estará dispoñible no centro para quen o queira consultar.

Ao inicio do curso, no primeiro Claustro, informarase ao profesorado novo da existencia do mesmo e, nos primeiros días de clase, os titores informarán ao alumnado tamén, de xeito que poidan coñecer a existencia do mesmo.

Invitarase a toda a comunidade educativa que, unha vez coñezan o Plan Dixital, propoñan melloras ao mesmo segundo vaian detectando novas necesidades e participen de xeito activo na avaliación da consecución dos obxectivos do mesmo.